



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



A CONSELLERÍA INFORMACIÓN E SERVIZOS ENSINANZA TEMA

Encontre a súa información...

Familias

Alumnado

Profesorado

Centros

Empresas

**Construcións e
melloras**

Inicio

Educación licita por 487.500 € a rehabilitación enerxética do CEP Luís Tobío de Viveiro

→ Trátase dunha reforma integral do colexio que abrangue o illamento da fachada, renovación de ventás e substitución de luminarias por outras de alta eficiencia enerxética, entre outras

Es coitar

Mar, 20/02/2018 - 11:48

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria licita a obra de rehabilitación enerxética do CEP Luís Tobío, de Viveiro, por un importe de 487.500 euros e un prazo de execución de dous meses e medio, tal como publica hoxe o Diario Oficial de Galicia (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180220/AnuncioG0164-150218-0003_gl.html)

Os traballos supoñen unha reforma integral (enerxética e funcional) des de centro, que precisa dunha actuación para dotar de maior confortabilidade aos usuarios e acadar un aforro nos custos de mantemento derivado dun menor consumo de luz e calefacción.

A actuación –que está cofinanciada con fondos FEDER– afectará ás fachadas, carpinterías, luminarias e outros elementos das instalacións. Des te xeito acometerase o illamento da fachada exterior, a substitución de ventás das aulas por carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor, e a substitución de luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética. Todas estas medidas combinadas suporán un aforro enerxético anual do 35,35%. Tamén se acometerá a reparación e pintado de paramentos interiores.

Esta rehabilitación integral do CEP Luís Tobío enmárcase dentro do plan de mellora da eficiencia enerxética que se puxo en marcha en 2016 en toda Galicia, e que no presente ano 2018 suporá un investimento de preto de 4,5 millóns de euros en obras de mellora enerxética en 9 centros educativos, incluído o que hoxe se licita.

Como novidade para as obras que se desenvolven a partir de agora, ao abeiro do Plan de Rehabilitación Integral dos centros para 2018, a Consellería –en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)– convida a arquitectos novos a participar nestes proxectos.

No marco do Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas, posto en marcha en 2016 e que conta cun orzamento global de 118,5 millóns de € ata 2020, a Consellería desenvolverá ao longo deste ano obras de Rehabilitación Integral (enerxética e funcional) en 9 centros de ensino; en concreto no CPI do Feal (Narón), no CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz (Touro), no CEIP Veleiro-Docampo (Castro de Rei), no CEP Luís Tobío (Viveiro), no CEIP Plurilingüe de Ribadavia, no CEIP Carlos Casares (Xinzo de Limia), no CPI Alfonso VII (Caldas de Reis), no CPI Santa Lucía (Moraña) e no CEIP Pena de Francia (Mos).

Aposta polo medio ambiente

Con estas actuacións a Consellería dá cumprimento á Estratexia Europa 2020 e á Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público galego para o período 2015-2020, na que a Xunta de Galicia é pioneira entre o conxunto de administracións públicas. Non en balde, no 2016 e 2017 executáronse actuacións de eficiencia en 18 centros, que consistiron basicamente en accións de mellora do illamento térmico, substitución de ventás e colocación de luminarias de alta eficiencia enerxética, con un importe de 2,25